CA5.1 Descríronse os obxectivos das normas de competencia técnica (BPL, UNE- EN ISO/EC17025) e explicouse o seu campo de aplicación	• PE.1 - Exame	S	14
CA5.2 Valorouse a importancia das boas prácticas de laboratorio para conseguir un sistema de calidade no laboratorio	• LC.1 - Lista de comprobación sobre as boas prácticas de laboratorio	N	14
CA5.3 Interpretáronse de xeito correcto e preciso os procedementos de operación e utilización dos equipamentos segundo as boas prácticas de laboratorio	• PE.2 - Exame	S	15
CA5.4 Seguíronse os procedementos de control de calidade dos equipamentos e dos ensaios	• LC.2 - Lista de comprobación sobre os procedementos de control de calidade	S	14
CA5.5 Identificáronse os documentos básicos do sistema de calidade asignados a cada proceso	• PE.3 - Caderno de clase	S	14
CA5.6 Seleccionáronse os procedementos para certificar a calidade do laboratorio	• PE.4 - Traballo de investigación	S	14
CA5.7 Diferenciouse entre certificación e acreditación dun laboratorio	• PE.5 - Exame	S	15
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
Concepto de calidade: avaliación das súas vantaxes.
Normas de calidade: BPL e ISO.
Manuais de calidade do laboratorio.
Documentos do sistema de calidade.
Auditorías e avaliación de calidade.



Contidos

Acreditación de laboratorios.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Estudar os protocolos para a xestión de calidade	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación sobre os distintos tipos de laboratorios • Explicación sobre a organización dun laboratorio • Exposición sobre os programas de control de calidade e normativa aplicable 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización dun traballo sobre o deseño dun laboratorio: cometido e organización • Resolución de cuestións e casos prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefa na aula virtual sobre tipos de laboratorios • Cuestións sobre a organización dun laboratorio e os programas de control de calidade; presentación do traballo 	<ul style="list-style-type: none"> • Audiovisuais, ordenador, material de libros e apuntes do profesor, lexislación. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Lista de comprobación sobre as boas prácticas de laboratorio • LC.2 - Lista de comprobación sobre os procedementos de control de calidade • PE.1 - Exame • PE.2 - Exame • PE.3 - Caderno de clase • PE.4 - Traballo de investigación • PE.5 - Exame 	22,0
TOTAL						22,0



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Documentación de laboratorio	22

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Rexistra a documentación do laboratorio, valorando a súa utilidade na organización do laboratorio	SI

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer a documentación asociada a actividade do laboratorio	1	Estudar a documentación do laboratorio	22,0
1.2 Utilizar sistemas informáticos para a organización e xestión do laboratorio			
TOTAL			22

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Organizouse a documentación e a bibliografía do laboratorio	● LC.1 - Lista de comprobación sobre o coñecemento da documentación no laboratorio	N	12
CA6.2 Seleccioneuse a documentación asociada á actividade do laboratorio	● PE.1 - Exame	S	12
CA6.3 Aplicáronse técnicas de rexistro de datos nos soportes apropiados	● PE.2 - Exercicios sobre bases de datos	S	14
CA6.4 Utilizáronse sistemas informáticos para a comunicación e o tratamento de datos e resultados	● PE.3 - Exercicios sobre folla de cálculo	S	12
CA6.5 Utilizáronse sistemas informáticos para organizar a documentación do laboratorio	● PE.4 - Exercicios sobre o inventario do departamento	N	14
CA6.6 Xeráronse informes seguindo o procedemento establecido	● PE.5 - Exercicios sobre a realización de informes	S	12
CA6.7 Respectouse a evidencia dos resultados obtidos na análise	● PE.6 - Exercicios sobre tratamento de datos analíticos	S	12
CA6.8 Aplicáronse os protocolos de confidencialidade do laboratorio	● LC.2 - lista de comprobación sobre protocolos de confidencialidade	N	12
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Información de laboratorio.
Documentación da actividade do laboratorio: pedidos, existencias, informes e mantemento de equipamentos.
Metodoloxía de elaboración dun informe.
Sistemas informáticos de xestión, de tratamento e de comunicación de datos.



Contidos

Confidencialidade no traballo dun laboratorio.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Estudar a documentación do laboratorio	<ul style="list-style-type: none"> Exposición sobre os diferentes documentos que se utilizan no laboratorio Explicación de programas informáticos: cálculo estadístico de resultados analíticos, bases de datos e xestión de almacén, utilizados na xestión dun laboratorio Realización dunha proba das unidades 5 e 6 Corrección da proba 	<ul style="list-style-type: none"> Identificación, realización e interpretación de documentos de laboratorio Realización de exercicios mediante programas informáticos de xestión utilizados no laboratorio Tarefa na aula virtual sobre o inventario de produtos químicos do departamento Realización da proba 	<ul style="list-style-type: none"> Folla excel e base de datos Tarefa aula virtual Exercicios e casos prácticos sobre os diferentes documentos que se utilizan no laboratorio Resultado da proba 	<ul style="list-style-type: none"> Audiovisuais, ordenador, programas informáticos (folla de cálculo, base de datos, xestión de almacén) e apuntes do profesor 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Lista de comprobación sobre o coñecemento da documentación no laboratorio LC.2 - lista de comprobación sobre protocolos de confidencialidade PE.1 - Exame PE.2 - Exercicios sobre bases de datos PE.3 - Exercicios sobre folla de cálculo PE.4 - Exercicios sobre o inventario do departamento PE.5 - Exercicios sobre a realización de informes PE.6 - Exercicios sobre tratamento de datos analíticos 	22,0
TOTAL						22,0



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

CONTIDOS MÍNIMOS EXIXÍBLES

Os contidos mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva do módulo son:

1. Interpreta e aplica a normativa vixente sobre a prevención de riscos no laboratorio.
2. Coñece os riscos asociados o traballo no laboratorio.
3. Utiliza os equipamentos para a prevención de riscos no laboratorio.
4. Identifica, manipula e transporta os compostos químicos segundo a súa perigosidade.
5. Identifica a normativa aplicable en caso de emerxencia, de xestión de residuos e de xestión de calidade no laboratorio.
6. Coñece e xestiona a documentación do laboratorio
7. Realiza todos os traballos propostos o longo do curso.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Utilizaráanse como instrumentos de avaliación:

1. A realización de probas escritas, nas que se valorará non só o dominio dos contidos impartidos, senón tamén a expresión escrita, a claridade e rigor das explicacións, a capacidade de síntese, etc. .
2. A realización de traballos prácticos o longo do trimestre.
3. A observación diaria dos alumnos na aula e/ou no laboratorio, onde demostrarán que saben traballar en equipo, son limpos e ordenados e cumpren as normas de seguridade, ambientais e de hixiene. Comportamento e participación activa.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cualificación da avaliación:

Calculárase a media das probas escritas feitas ao longo da avaliación (e fan media de obter en cada proba unha cualificación igual ou superior a 4). Este resultado suporá un 70% da nota final. Os resultados dos traballos prácticos, suporán un 20% e os demais instrumentos de avaliación aportarán o outro 10%. Os alumnos que suspendan unha avaliación, terán unha recuperación baseada nunha proba escrita e/ou práctica.

A nota final será a media das tres avaliacións.

As preguntas poden ser:

- a) De resposta curta.
- b) De eleixir unha resposta entre varias .



- c) De unir con flecha.
- d) De sinalar verdadeiro ou falso, coa opción de formular correctamente os enunciados incertos.
- e) Resolución de problemas.

Notas aclaratorias:

- 1) As notas da proba escrita e práctica, só farán media a partir de 4 (sobre 10) en cada un deles.
- 2) Non se realizarán probas para unha ou varias persoas fóra da data acordada para o grupo (agás nunhas circunstancias extraordinarias debidamente xustificadas).
- 3) @s alumn@s que teñan dúas avaliacións suspensas, deberán recuperar o módulo completo nun exame final no mes de xuño. No caso de que só sexa unha avaliación suspensa, recuperarase tamén no exame final.
- 4) A proba de recuperación consistirá na realización,, dunha proba teórica ó final do terceiro trimestre, no período de recuperación do mes de xuño. Ademais é obrigatorio entregar os traballos pendentes de cada avaliación para a súa recuperación.
- 5) No boletín de cualificacións, a nota da terceira avaliación será, tal como recolle a normativa, do seguinte xeito:
 - alumn@ que aprobou todo: a cualificación que figure no boletín será a media correspondente ós tres trimestres, das notas que aparecen reflectidas no caderno de aula da profesora. Esta vai ser a nota final do módulo;
 - alumn@ que teña algunha parte suspensa: nota do 1 ó 4, indicativo de que ten que realizar algún tipo de recuperación no período estipulado para tal fin no mes de xuño.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN.

Nas preguntas test:

- a) de eleixir unha ou máis respostas entre varias,
- b) de unir con frecha ou
- c) de sinalar verdadeiro ou falso,

cada 3 respostas erróneas restarán unha correcta.



Nas preguntas curtas:

- a) a nota será proporcional a explicación correcta e completa da cuestión formulada,
- b) se na resposta figuran afirmacións que non veñen ó caso e/ou erros graves de concepto, a puntuación será 0.

Nos problemas podemos atopar varias situacións:

- a) problemas resoltos correctamente, a puntuación será a máxima;
- b) problemas ben planeados con erros de cálculo que non supoñan erro grave de concepto, descontarase un 50 % da puntuación total do exercicio;
- c) problemas ben planeados con erros de cálculo que supoñan erro grave de concepto puntuaranse cun 0.
- d) problemas ben resoltos sen as unidades correspondentes, descontarase un 20% da puntuación total do exercicio.

Nos esquemas e gráficos, só se dará a puntuación total e, únicamente, se son de calidade e se figuran neles toda a información que se solicita. No caso contrario, a valoración será cero.

Dunha vez que se obtén a nota global, e sempre que haxa que redondear, o criterio de redondeo é o seguinte:

maior ou igual a 5 aumentarase ó número enteiro superior

menor que 5 diminuirase ó número enteiro inferior.

-A nota dos traballos propostos estimarase do seguinte xeito:

Como instrumentos de avaliación utilizaráanse a inclusión dos puntos exixidos pola profesora, a pertinencia da información recollida, a claridade e correcta expresión da información e o desenvolvemento fluído da presentación. Valorarase tamén os elementos orixinais na presentación, como realización de películas ou presentación de material adicional, como maquetas, instrumental ou dispositivos pertinentes.

O traballo escrito puntúa un 60% e a exposición puntúa un 40 % da nota total do traballo. Unha nota inferior a 4 en algunha das dúas partes terá como resultado un suspenso no traballo. Non participar na exposición puntúase cun cero nese apartado.

A nota final do módulo calcularase facendo a media das notas dos exames de cada avaliación antes de facer o redondeo e sumándolle a nota media do seguimento. No alumnado que non teña que recuperar nada no mes de xuño, a nota da terceira avaliación será a nota final, tal como indica a normativa.



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A recuperación enténdese non só como exame de recuperación, senón como actividade de recuperación; é unha parte máis do proceso de ensinanza-aprendizaxe e iníciase en canto se detecta a deficiencia n@ alumn@, no seguimento da súa evolución, realizando con él/ela actividades complementarias de reforzo e apoiando aqueles puntos donde ten dificultades. Se, aínda así, @ alumn@ non supera a avaliación, programaranse actividades de recuperación que terán por obxecto orientar e redirixir a aprendizaxe destes alumnos, permitíndolle subsanar as súas carencias de aprendizaxe.

As actividades de recuperación serán semellantes ás actividades propostas nas distintas unidades, e sempre programadas de menos a máis dificultade.

Actividades de recuperación que poidan ser realizables autónoma polo alumnado:

Cada unidade de traballo vai acompañada dun boletín de cuestións e exercicios numéricos, no seu caso, sobre os contidos da mesma. O repaso dos citados boletíns constitúe unha boa axuda para a recuperación. A maiores a profesora elaborará boletíns de reforzo para repasar tanto os contidos teóricos coma as cuestións prácticas.

Realizaráse unha recuperación por cada avaliación suspensa para recuperar o trimestre.

Se ao rematar o trimestre o alumno/a non adquire os coñecementos mínimos, proporcionaráselle material adicional e explicacións individuais, para que sexa capaz de conseguir os obxectivos mínimos. O alumno deberá asistir regularmente a ditas actividades con interese e participando na resolución dos cuestionarios, exercicios, traballos e prácticas propostas no tempo material adicional, sendo obrigatoria a entrega destes traballos para presentarse ao exame final.

Ao final do curso, os alumnos que non superaran o módulo realizarán e entregarán tódalas cuestións e problemas propostos resoltos e todos os traballos propostos o longo do curso. Isto suporá un 30% da nota final. A proba final consistirá nunha proba escrita (problemas, casos prácticos e teoría) dos contidos dados nas diferentes unidades de traballo (70 %).

O alumnado que non aprobe, recibirá unha colección de exercicios e cuestións representativas que deberá resolver, podendo preguntar cantas dúbidas se lle presenten.

O alumnado con perda de avaliación terá dereito a asistir as actividades de recuperación previstas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles alumnos/as que teñan un número de faltas superior ao 10% da duración do módulo (13 HORAS) perderán o dereito á avaliación continua.

Ademais o alumnado con PA terá dereito a asistir as actividades de recuperación previstas para este módulo, tal como establece a Resolución do 4 de agosto do 2016 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa.

Nunha data publicada no taboeiro de anuncios do departamento, someterase a unha proba extraordinaria previa a avaliación final, tal como establece o artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011 para avaliar a adquisición dos resultados de aprendizaxe.

Ao final do curso, este alumnado que non superaran o módulo realizarán e entregarán os traballos propostos; que suporá un 30% da nota final. A proba final consistirá nunha parte escrita (problemas, teoría e casos prácticos) dos contidos dados nas diferentes unidades de traballo (70 %).



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Avaliárase de xeito continuo, ao mesmo tempo que se leva á práctica, imprimíndolle un carácter formativo, que permita a modificación da programación no momento que se detecte a necesidade de axustarse á realidade da aula e do grupo.

Ademais realizarase trimestralmente un análise do seguimento da programación na aplicación web implantada para tal fin. No cal avaliarase a programación desenvolta e aqueles puntos que non se poideron desenvolver e as súas causas; así como as melloras e trocos que debería realizar para levala a cabo correctamente.

No seguimento detallaranse as razóns no desvío do cumprimento da programación, coa fin de corrixir as posibles carencias ou axustar en cursos sucesivos, a programación a situación real.

A final de curso pasarase unha enquisa o alumnado para coñecer o grado de satisfacción, os puntos positivos e de mellora da programación de este módulo.

Ao final do curso farase unha avaliación sumativa na que se valore o axuste de todos os elementos curriculares propostos nesta programación: obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación,... As conclusións desta avaliación final recolleranse nun documento que formará parte da memoria do ciclo.

A avaliación da práctica docente terá en conta dous aspectos:

- A análise persoal e con sentido crítico da marcha do curso, os resultados académicos..., comprobando se o alumnado entende e asimila os conceptos estudados.

-A opinión do alumnado, a través dunha enquisa a fin de curso, para valorar a opinión do alumnado.

O seguimento e a avaliación será realizada polo profesor do Módulo e nas súas conclusións terá en conta a valoración feita polo propio alumnado. Os obxectivos desta avaliación son comprobar a eficacia e a validez desta proposta curricular, así como propoñer modificacións de mellora de cara ao vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial, sen cualificación para o alumnado, para coñecer o dominio de ferramentas e conceptos básicas en seguridade e así saber con que niv el comezar a traballar a materia.

En cada unidade, na presentación da mesma, tamén se farán preguntas para saber cal é a base que teñen os alumnos ou qué erros de concepto teñen.

Coa avaliación inicial trátase de establecer os coñecementos previos d@ alumn@, así como as súas actitudes, capacidades e, incluso, motivación. Esta avaliación inicial farase realizando preguntas curtas sobre unidades, cálculo elemental, ferramentas imprescindibles para realizar os cálculos requeridos nos exercicios e casos prácticos; e que permiten acadar os obxectivos mínimos do módulo.

Asemade a avaliación inicial permitirá ó docente descubrir os coñecementos previos do alumnado sobre os riscos no laboratorio, cálculo elemental e uso das ferramentas informáticas para poder suplir as carencias que se detecten nestes aspectos.

Outro aspecto importante relativo a avaliación inicial é que permite descubrir posibles necesidades de atención específica no alumnado, o que permite deseñar medidas de reforzo educativo e medidas de atención a diversidade.



A enquisa de avaliación inicial realizada no centro dende o departamento de orientación, no marco do sistema de control da calidade do centro, constitúe unha ferramenta fundamental que contribúe a descubrir posibles necesidades de atención específica no alumnado, o que permite deseñar medidas de reforzo educativo e medidas de atención a diversidade.

Asemade as reunións mensuais de equipo docente permite facer o seguimento do grupo no seu conxunto e de cada alumn@, en particular, coa fin de deseñar estratexias para mellorar o ensino e aprendizaxe do alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.

Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.

Crear un ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua, un grupo de traballo colaborativo que integre a alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.

Propoñer diversas actividades diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido.

A atención a diversidade e a vía que permite individualizar, dentro do posible, o proceso de ensinanza e aprendizaxe, para eso aplicaranse as seguintes medidas:

- Adaptaránse a forma de enfocar ou presentar os contidos e actividades en función dos distintos graos de coñecementos previos detectados n@s alumn@s e dos seus diferentes graos de autonomía.

- Farase a previsión dun número suficiente de actividades para cada un dos contidos considerados fundamentais, con distinto nivel de complexidade, de maneira que poidan traballar eses contidos con esixencias distintas. Prepararanse tamén actividades referidas a contidos non fundamentais, complementarios ou de ampliación, para aqueles alumn@s que poidan avanzar máis rapidamente ou que o fan con menos necesidade de axuda e que, en calquera dos casos, poden afondar en contidos a través dun traballo máis autónomo.

Ante a posibilidade da presenza de alumn@s no CS de Laboratorio de Análise e Control de Calidade con algún tipo de necesidade educativa especial, como por exemplo unha discapacidade física, acordarase entre o profesorado do ciclo e o Departamento de Orientación do centro o protocolo de actuación en función de cada alumno e de cada minusvalía. En calquera caso, no módulo de Mostraxe e preparación da mostra, estableceranse as adaptacións posibles de tempo, espacio e medios para que @s alumn@s con discapacidades gocen de similares oportunidades á hora de realizar as actividades e os exames que o resto dos compañeiros.

- No caso de alumnado con déficit de atención, alternaranse con máis frecuencia o ensino dos contidos teóricos e a realización de prácticas; coa fin de dinamizar o proceso de ensino-aprendizaxe. Incrementaranse o número de actividades na aula virtual e proporase a realización de probas máis curtas, tanto escritas como prácticas. Asemade, realizaranse ensaios curtos antes das explicacións teóricas, relacionadas cos contidos a estudar, coa fin de espertar o interés do alumnado. Buscarase unha maior participación de este alumnado mediante a proposta de traballos nos que sexa necesaria a busca de información sobre determinados contidos, mediante o uso de ferramentas TIC.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Dentro da dinámica xeral do proceso de ensino e aprendizaxe -na que se procurará que o alumno/a consiga unha maior capacidade de autonomía e de xuízo, é dicir, unha maior soberanía persoal, un reforzamento da responsabilidade persoal a través da participación cívica e, polo tanto, en constante referencia cos demais- traballaranse os seguintes contidos relacionados coa educación en valores:

A diversidade como un valor enriquecedor: no respecto ás ideas, opinións e ideoloxías dos compañeiros/as, a valoración das achegas dos



compañeiros/as e o traballo en equipo...

A igualdade de xénero: na utilización de linguaxe non sexista, tanto oral como escrita, na análise de actividades e traballos tanto na aula como no laboratorio ou fora do centro..

Aseguramento da calidade

Os alumnos teñen que acostumarse ós elementos dun programa de aseguramento da calidade. Para eso é necesario, entre outras cousas, Dispoñer dos PNT descritos con precisión .

Que todos os métodos, procedementos e protocolos estean dispoñibles baixo forma de instrucións escritas e na forma na que se te-ñen que aplicar. No caso de que se baseen en normas, deben facer referencia a esas normas.

Para o tratamento de datos, todos os procedementos para a lectura, rexistro e tratamento de dato deben estar escritos.

b) Seguridade e hixiene no traballo e coidado medioambiental

Manipular as mostras en atmósferas ou entornos estériles para evitar posibles contaminacións de mostras e das persoas.

Utilizar os EPI axeitados a cada situación de risco.

Cofecer a situación e manexo de extintores, duchas e fontes lavaollos, mantas ignífugas presentes no laboratorio.

Minimizar a produción de residuos.

Recollida selectiva dos residuos xerados.

c) Fomento do traballo en equipo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visitas a laboratorios das empresas do entorno abarcando distintos sectores productivos. Estas visitas, que se pretende levar a cabo ó longo do curso, por un lado serven de enlace co entorno laboral e profesional futuro d@s alumn@s e, por outro, son un complemento das actividades puramente lectivas reforzando os contidos impartidos no centro de ensino. Os laboratorios da universidade como son os do CSIC ou O Instituto de cerámica. Os laboratorios do LIGAL, LAFIGA, AENOR...son exemplos de actividades realizadas en cursos anteriores con grande éxito, e que se levarán a cabo este curso, si é posible.

Este curso propónse realizar unha visita a unha planta de tratamento de residuos de laboratorio coa fin de concenciar ó alumnado sobre a importancia de xestionar os recursos e o coidado do medio dende o noso ámbito.

Asistencia ás posibles actividades extraescolares que se organicen desde o departamento /ou o centro: conferencias, foros, visitas didácticas, etc.

10.Outros apartados

10.1) Cuestionario de avaliación inicial

Realizarase un cuestionario de avaliación inicial, no que se incluírán preguntas curtas sobre riscos e seguridade laboratorio, cálculo elemental e uso das ferramentas informáticas. Coa finalidade de cofecer as necesidades do alumnado sobre reforzo educativo e atención a diversidade.